

CONCURSO PARA O DÍA INTERNACIONAL DO LIBRO INFANTIL 2021

«EU SON...»

PRAZO AMPLIADO

Con ocasión do DÍA INTERNACIONAL DO LIBRO INFANTIL (DILI) a Asociación Galega do Libro Infantil e Xuvenil (GÁLIX) convoca o concurso «Eu son...», co fin de incentivar a lectura de literatura infantil e xuvenil galega entre os rapaces e rapazas, promover e defender a súa potencialidade expresiva e contribuír á divulgación da creación de autoras e autores galegos.

En razón das circunstancias excepcionais que estamos a pasar, e tendo en conta a imprevisibilidade da situación en canto a mobilidade e apertura dos centros escolares, bibliotecas e librarías, parécenos que esta é unha actividade que pode familiarizar o lectorado máis novo con personaxes da Literatura Infantil e Xuvenil (LIX) galega, estimulala e manter o seu gusto e sensibilidade pola lectura. Por iso decidimos convocar este certame por primeira vez a través das nosas redes sociais, xa que entendemos que é a mellor canle para interesar e implicar a xente nova.

A través do concurso «Eu son...», convidamos o lectorado de ensino obrigatorio a gravarse representando, en menos de 1 minuto, o seu personaxe favorito da LIX galega.

BASES DE PARTICIPACIÓN

1. Poderá participar no concurso o lectorado que estea cursando primaria ou o primeiro ciclo de secundaria, tanto a través da súa biblioteca escolar, dunha biblioteca pública, dunha librería ou desde a súa casa, por medio das súas propias redes sociais (ou da súa nai, pai ou titor/a legal).
2. A actividade consiste en escoller unha personaxe dunha obra da literatura galega e gravarse

en vídeo representándoa, empezando por dicir «Eu son...» e nomeando á personaxe, explicando a continuación quen é ou representándoa teatralmente. Animamos á creatividade, e para iso poderase empregar música, texto, disfraces e calquera elemento que se vos ocorra.

3. Os vídeos deberán ser **sempre en galego, tanto oral como escrito, así como en linguaxe de signos**.

4. En prol da inclusión, todos os vídeos deberán presentarse **subtitulados ou** acompañados do texto escrito na descrición ou no formato que permita cada plataforma.

5. Cada participante poderá enviar un único vídeo antes do venres 7 de maio. Pregamos que sexa a través dunha soa das plataformas, xa que todos os vídeos achegados en cada unha serán visualizados e valorados e non precisan ser repetidos.

6. Os vídeos deberán ter unha **duración inferior a 60 segundos**.

7. Os vídeos teñen que ir acompañados obrigatoriamente dos seguintes tres cancelos:

a) **#DILIGALIX2021**

b) **#GALIX**

c) e, dependendo da categoría da persoa participante:

#EUSONINICIAL (lectorado inicial: 1º, 2º e 3º de Primaria)

#EUSONAVANZADO (lectorado avanzado: 4º, 5º e 6º de Primaria)

#EUSONSUPER (superlectorado: 1º e 2º de secundaria).

Ademais, deberase mencionar o noso usuario da rede social elixida para participar.

8. As redes sociais a través das que se pode participar son:

▪ **Instagram: @somosgalix**

▪ **Twitter: @GALIX_**

▪ **TikTok: @en_galix**

9. As tres categorías para as que se establecen os premios son

- Lectorado inicial (1º, 2º e 3º de primaria)
- Lectorado avanzado (4º, 5º e 6º de primaria)
- Superlectorado (1º e 2º de secundaria)

10. Cada un dos premios estará dotado cun diploma e un lote de libros para as persoas premiadas e para a biblioteca escolar, biblioteca pública ou librería que presente os traballos; ou para a biblioteca escolar ou pública que indique a persoa premiada, no caso de presentar o seu vídeo persoalmente.

11. O xurado estará integrado por representantes do Consello Directivo de GÁLIX.

12. A resolución farase pública a través do noso blog e das nosas redes sociais o día 20 de maio. As persoas premiadas serán contactadas por mensaxe privada na conta desde a que teñan presentado o vídeo. Requerirase posteriormente unha autorización das nais/pais ou titoras legais para a publicación dos vídeos no noso blog e nas nosas outras plataformas.

13. Lembramos ás librerías e bibliotecas escolares e públicas que teñen a responsabilidade de solicitar a autorización familiar para o uso público da imaxe de menores na rede, e polo tanto entendemos que calquera vídeo que nos fagan chegar conta con esa autorización, quedando GÁLIX exenta de responsabilidade nese aspecto.

14. A publicación, por parte de usuarios individuais, de vídeos a través das plataformas nas que convocamos o concurso, implica a asunción da autorización das persoas responsables dos menores para a publicación da súa imaxe nesas redes.

15. A participación no concurso e a difusión nos diferentes soportes dos vídeos presentados non da ningún dereito de retribución ás persoas concursantes.

16. O envío de vídeos para o concurso supón a conformidade cas presentes bases.

Santiago de Compostela, abril 2021